



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coas Consultas sobre decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Navallos (concellos de Baralla e Castroverde, Lugo), promovido por ENEL Green Power España SL, clave 2011/0023,

### EXPÓN:

1. Que, de acordo coa “*Memoria ambiental*” e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto non afectaría directamente a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo coa “*Memoria ambiental*” e coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), e no Anexo I da Directiva Aves, o proxecto podería afectar a 8 especies de vertebrados catalogadas e con presenza probable ou segura na zona (*Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*, *Pyrrhonorax pyrrhonorax*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Arvicola sapidus*, *Mustela putorius*, *Felix sylvestris*).
3. Que na “*Memoria ambiental*” non se tiveron en conta as posibles afeccións a anfibios, réptiles e mamíferos non quirópteros.

Por todo o cal,

### SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Navallos (concellos de Baralla e Castroverde, Lugo), promovido por ENEL Green Power España SL, clave 2011/0023 sexa sometido a Estudio de Impacto Ambiental e que se recabe ó promotor que o EIA:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
  - a. Anfibios e mamíferos non voadores: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
  - b. *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*, *Pyrrhonorax pyrrhonorax*, *Galemys pyrenaicus* e *Rhinolophus ferrumequinum*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
  - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
2. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 25 de marzo de 2011